



Oficina de
Transformación Comunitaria
OTC AMES

Charla informativa
**Coñecer os servizos da OTC Ames
e a figura das Comunidades Enerxéticas**

 **Xoves, 31 de xullo ás 19:00 h.**

 **Local Social de Trasmonte.**



690 255 532



Rúa das Hedras, 2-4, 15895 Ames (A Coruña)



otc.ames@concellodeames.gal

Que é unha comunidade enerxética

É un colectivo conformado por cidadáns, por empresas ou por institucións de proximidade que se xuntan baixo o abeiro dunha entidade xurídica co obxectivo de xerar, usar e distribuír a súa propia enerxía.

Os obxectivos finais destas entidades son:

-  Acadar unha determinada independencia enerxética.
-  A cogobernanza sobre os recursos enerxéticos.
-  Aforro nas facturas individuais e unha maior resistencia fronte a fortes convulsións do mercado.
-  O reparto comunal dos gastos de instalación dos medios de produción de enerxía así como o seu mantemento.
-  Intercambio de electricidade entre consumidores.
-  A posibilidade de actuar como consumidor-produtor no mercado enerxético.

Tres obxectivos básicos

①

Favorecer a transición á descarbonización do noso sistema enerxético.

②

Favorecer a produción de enerxía con fontes de enerxía endóxena e producida na veciñanza, principalmente a través de tecnoloxía fotovoltaica.

③

Optimizar os investimentos públicos e privados necesarios en enerxías renovables, almacenamento e redes eléctricas, de forma que non se malgasten recursos.

Características adicionais

-  Que ser membro da CE xere aforros na factura eléctrica en comparación cunha tarifa media de mercado e que se poida visualizar que eses aforros aumentan de forma considerable se veciños e veciñas deciden pasar de ser consumidores a prosumidores.
-  Que o proceso de constitución da primeira CE no municipio sexa sinxelo de realizar e axustado a dereito público e privado.
-  Que a adhesión á CE sexa sinxela para os veciños e veciñas que queiran formar parte da mesma.
-  Que a CE se axuste á regulación do sector eléctrico e fomente a libre concorrência.
-  Que a CE teña capacidade expansiva cara a todo o municipio.
-  Que a CE sexa estable a longo prazo desde un punto de vista económico e social.